

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DO COLEXIO OFICIAL DE
TRABALLO SOCIAL DE GALICIA**

Data: 28 de febreiro de 2023

ASISTENTES: 22+ 8= 30

Xunta de Goberno: 8

Presidenta: Miriam Rodríguez Sierra

Secretaria: Ana Rodríguez Rodríguez

Tesoureiro: Antonio Doval Canabal

Vipresidenta: Ana Vilar Varela

Vogais:

Adriana Vieites Freire

Pablo Antelo García

Rosario Capelo Casas

Cristina Diaz Mira

N.º de Colexiadas/os (22) :

167, 207, 780, 1026, 1562, 1753, 2178,2533, 2553, 2699, 3170, 3241, 3497,3649,
3948, 3956, 4030,4230, 4240, 4342, 4343, 4364,

En Santiago de Compostela, na sede do COTSG na Rúa Dublín nº 6, sendo as 17:30 horas do martes 28 de febreiro de 2023, da comezo (en segunda convocatoria) a sesión da Asemblea Xeral Extraordinaria do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (en adiante COTSG), coa asistencia das persoas que se relacionan no encabezamento da acta, para tratar a seguinte Orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da asemblea anterior
- 2.- Aprobación, se procede, da Memoria Económica de 2022

- 3.- Aprobación, se procede, dos Orzamentos para o exercicio 2023
- 4.- Aprobación, se procede, da Memoria de Actividades de 2022
- 5.- Aprobación, se procede, do Plan de Actividades para o 2023
- 6.- Aprobación, se procede, das cotas colexiais para o ano 2023
- 7.- Rogos e preguntas.

1.- Lectura e aprobación, se procede, da Acta da Asemblea anterior:

A presidenta do COTSG, Miriam Rodríguez, fai unha pequena presentación e da paso a Ana Rodríguez, secretaria da Xunta de Goberno, que procede á lectura da acta da asemblea anterior.

Intervén o colexiado 3948, indicando que facer una aclaración con respecto á súa intervención recollida na acta indicando que solicitara non a información sobre a comunidade investigadora da Universidade de Vigo, senón información sobre o Convenio que o COTSG asinara coa Universidade de Vigo para levar a cabo una investigación concreta

A secretaria somete o texto a votación da Asemblea que a aproba a Acta con 24 votos a favor.

2.- Aprobación, se procede, da Memoria Económica do ano 2022

Toma a palabra o tesoureiro, Antonio Doval, dando conta da memoria económica do ano 2022. Expón as principais partidas de ingresos e gastos das contas do COTSG de este ano.

Intervén a colexiada 3241 : pregunta cantas persoas traballan no Colexio.

Resposta: 7 persoas do cadro de persoal e 4 persoas que prestan servizos prestados a través de empresas.

Toma a palabra o colexiado 3948 pregunta polo destino da partida prevista para investigación no proxecto de actividades presentado na Asemblea Xeral Ordinaria de xullo de 2022, continua indicando que sería interesante que o COTSG facilitara á colexiación os convenios asinados para facelos públicos, e pregunta se se ten pensado facelo.

Resposta: Este convenio non se asinou porque non se poido executar ningunha das propostas previstas de investigación por falta de capacidade de xestión. A partida non se gastou. Todos os convenio son públicos de feito cada vez que se asina un convenio con calquera administración envíase un correo electrónico a colexiación. Esta previsto recuperar a negociación deste tema para asinar o documento de colaboración e continuar co traballo de investigación.

Ana Rodríguez da paso á votación, e a memoria económica é aprobada pola Asemblea con 25 votos a favor.

3. Aprobación, se procede, dos orzamentos para o exercicio 2023

O tesoureiro Antonio Doval procede a relatar as liñas xerais do documento que recolle os orzamentos que rexeran o funcionamento do COTSG no ano 2023.

A Secretaria solicita que a Asemblea vote o texto presentado, apróbanse os orzamentos para o ano 2023 con 26 votos a favor.

4. Aprobación, se procede, da Memoria de Actividades do 2022

O contido do documento é exposto a través dunha proxección en soporte vídeo, e a continuación o Tesoureiro, Antonio Doval, completa a información sobre a Memoria de Actividades,

A Presidenta, Miriam Rodríguez, toma a palabra e despois dunha pequena intervención procede a resolver as dúbidas dos e das asistentes.

Interven a Colex. 1562 En referencia ao Ingreso Mínimo Vital, quería saber se dende o Colexio se están a tomar algunhas medidas porque hai un desbordo de solicitudes e informes polas incidencias que provoca o IMV, estamos a tramitar uns recursos que non pertencen ao noso sistema senón á seguridade social.

Resposta Miriam: Dende a Xunta de Goberno fixéronse varios escritos a Dirección Xeral de Inclusión Social e reunímonos co Director Xeral que naqueles intres estaba a negociar que o IMV se xestionara dende as Comunidades Autónomas. Tiñan a intención de facer algo parecido ás PNCs pero que os servizos sociais comunitarios o seguiran supervisando. No transcurso dunha reunión trasladóuselle que iso era un erro igual que

os certificados que se encargan aos servizos sociais comunitarios. A nivel estatal desde o Consello Xeral estanse a facer xestións na mesma dirección co goberno central.

Resposta Ana Vilar : Precisamente o traballo que se está a facer a nivel técnico ten moito que ver co IMV e tamén ten que ver con entidades que para recibir fondos da Xunta de Galicia necesitan que os traballadores Sociais dos SS. SS. Comunitarios informen da situación de exclusión social de determinadas persoas. É dicir, somos os tramitadores de tódolos sistemas e de tódalas entidades; por iso dende o Consejo General transmitíuselle ó Ministerio competente, que a intervención dos traballadores/as sociais na aplicación do IMV tería sentido sempre e cando a súa figura estivera incorporada no sistema (O de Seguridade Social ou Sistema de garantía de rendas). En calquera caso as funcións a desempeñar terían que ver co acompañamento nos procesos de Inclusión etc. , pero entendemos que non é función dos ss.ss. comunitarios comprobar una situación de exclusión cando moitas veces non coñecemos a persoa usuaria. Soamente buscan acreditar aquilo que eles non poden acreditar porque non teñen os medios para elo, pero non porque teñamos una función técnica como profesionais do social que somos. A nivel estatal tivéronse reunións co Ministerio e vaise facer un posicionamento porque o funcionamento que motiva esta queixa é reiterativo en tódolos territorios e colapsando ao todo o sistema, igual que no seu momento se colapsou o sistema de dependencia (aínda que foi por outras razóns que non teñen nada que ver con caso do que estamos a falar).

Dende o goberno alegan que hai un decreto que obriga ós traballadores/as sociais dos servizos sociais comunitarios a aportar información e participar na valoración da exclusión social. Dende o Consejo General tratamos e darlle sentido a esa valoración, que non se trata de acreditar se vive ou non aí esa persoa indo a un domicilio a timbrar. Verificar iso non sería una función propia do traballador/a social. E, en calquera caso, o Traballo Social tería que estar incorporado ao sistema de Seguridade Social. A nivel estatal vai a facerse un posicionamento global diante do Ministerio para expresar o noso rexeitamento deste xeito de funcionamento e delimitar o que realmente nos corresponde como traballadores/as Sociais. En resumo, para darlle un sentido a todo este asunto.

Resposta Cristina Díez : Dende a defensa da profesión, fomos coñecedores de estas queixas no seu momento, e analizouse tendo en conta a realidade da lei. Concluímos

que houbo falta de previsión por parte dos Concellos posto que isto estaba previsto e xa se sabía que a carga de traballo por estes informes ía a producirse. Tamén é certo que probablemente os concellos non incorporaron nas súas planificacións este traballo, pero o importante é o fondo da cuestión, tratase dun traballo que non debe de estar nos servizos sociais.

Ana Vilar: Para pechar este tema habería que abordalo cambio da normativa, porque mentres ese decreto estea en vigor temos que participar nel queiramos ou non. Estudouse o tema a nivel xurídico para ver ata que punto nos poderíamos negar a emitir ditos certificados. Ate que non sexamos capaces de modificar esa norma e de presionar ao Ministerio o que podemos facer son campañas e posicionamentos e sobre todo cousas que nos podemos facer como profesionais. Hai que denunciar que a seguridade social non está a atender a ninguén, non dá citas, e ao final a xente acude aos servizos sociais. Pero os servizos sociais non poden asumilo todo, porque non se poden bloquear as axendas, atrasar as citas programadas de persoas que levan esperando moito tempo porque de repente ao INSS se lle ocorre mandar listados para facer certificados de exclusión. É unha carreira de fondo e como traballadores sociais podemos facer pequenos cambios, pero seguimos a loitar por que se arranxe a situación.

O colexiado 3948: Dar as grazas a Ana Vilar pola extensa explicación que fixo do traballo realizado no novo modelo de SS.SS, e. Gustaríame, se é posible, que nos indique que cuestións son as que teñen peor aceptación por parte do Ministerio respecto á construción do texto do anteproxecto de lei estatal de servizos sociais?

Resposta Ana Vilar: Está fixada unha reunión para o día 17 de Marzo no Ministerio onde nos van a avanzar datos sobre o trámite parlamentario do anteproxecto. Neste avance é posible que nos indiquen algunhas cuestións que non queren que se reflicten no texto da norma. Como dixen ao principio, a denominación da lei non nos gustaba porque a parte do desfrute dos SS.SS. é de todo menos técnica. Finalmente tentaron dentro da propia denominación falar de condicións mínimas que garantan a igualdade precisamente para vincularse ao artigo 149.1 da constitución. O estado ten competencia exclusiva para regular esas condicións básicas e así non colisiona co contido do artigo 148.1.20, que recolle as competencias exclusivas por parte das Comunidades Autónomas. No anteproxecto de lei coincidimos nos mínimos xerais os grupos de expertos, os Colexios Oficiais de TS e o propio Ministerio. Afondouse moito en cuestións

relacionadas coas necesidades sociais, é dicir, que necesidades sociais si temos que asumir. Estamos acostumados a manexar o binomio NECESIDADE-RECURSO, e este concepto hai que superalo para recuperar o espazo de traballo que nos corresponde como sistema, centralo nas necesidades sociais vinculadas á convivencia das persoas e recuperar a prevención do traballo comunitario en rede. As cuestións nas que non nos puxemos moi de acordo, por exemplo, que a parte de ser profesionais de referencia que tamén apareceramos na lei como figura de autoridade, pero non o conseguimos. Outro exemplo son as prestacións económicas, hai algunha prestación de carácter emerxente que necesariamente teremos que seguir abordando dende o sistema (non é o IMV). Queríamos aproveitar o anteproxecto de lei para que o IMV se desvinculara da lei de subvencións, aparece pero non claramente, di que se elaborará un regulamento que con detalle contemplara as prestacións de emerxencia. Teríamos que desvinculalas porque se pretende que as prestacións de emerxencia estean vinculadas ás prestacións sociais e á valoración social, non a documentación económica que presente. A función de control social ten que rematar. O anteproxecto de lei é una oportunidade para deixar pechado todo isto que estamos a comentar

Colexiada 2178 :En relación ao Ingreso Mínimo Vital, poderíase trasladar ao Consello Xeral se pode incidir para que valoren a situación económica das persoas cos ingresos actuais, e non pola situación da última declaración. A seguridade social estaa deixando abandonadas ás persoas dun día para o outro, non están a cubrir as súas necesidades sociais e gustaríame que se lle comunique ao Consejo General para que este llo traslade á Seguridade Social.

Ana Vilar Resposta: Xa se trasladou.

Miriam resposta: Cando se negociou o decreto había moitas desacordos cos dous partidos políticos que estaban no goberno, non querían que sairá así e o problema témolo agora co control que queren facer desta axuda. Non parece que os partidos políticos estean pola labor de deixar de exercer ese control sobre o IMV. Estamos a facer moitas demandas e xestións pero está a ser moi frustrante porque de momento non conseguimos ningún resultado.

A Secretaria Ana Rodríguez, da paso a votación e Asemblea aproba, con 26 votos a favor, a Memoria de Actividades do ano 2022.

5. Aprobación, se procede, do Proxecto de Actividade para o ano 2023.

Toma a palabra a Presidenta, Miriam Rodríguez, con unha intervención que marca os obxectivos para a actividade prevista para o ano 2023. A continuación dálle paso a asesora xurídica do COTSG Julia Álvarez, que presenta o contido previsto para a defensa da profesión. Unha vez rematada a súa intervención, da paso a Fé Sampayo, a técnica do COTSG encargada da formación, que resume os obxectivos e as actividades formativas previstas para o ano 2023.

A Secretaria Ana Rodríguez, da paso a votación e Asemblea aproba o Plan de Actividades para o 2023 por 27 votos a favor.

6.- Aprobación de procede dos importes da cota colexial.

Miriam Rodríguez explica o sistema para determinar os tipos de cota e indica que non incrementara o seu importe, é dicir, será igual que a do ano anterior.

O colexiado 3948: Expuxen a situación que teñen as persoas que teñen un contrato predoutoral, segundo o estatuto do persoal investigador en formación cobran unha porcentaxe reducida do salario que correspondería pola súa categoría profesional, polo que pedía estudar a posibilidade de que lles correspondera aboar a cota reducida e non á completa. Ate o ano 2012 facíase así, pero naquel momento coa aprobación da lei da ciencia as bolsas predoutorais pasaron a ser contratos, entón pasouse de ser un bolseiro de cota reducida a ser un traballador coa cota completa. Para que vos fagades unha idea un contrato predoutoral nos dous primeiros anos de vixencia recíbese un salario que é un 56% da cantidade que lle correspondería, é dicir, é a metade do salario que tería a súa categoría profesional. Por isto no seu día trasladóuselle á Xunta de Goberno a posibilidade de facilitar o acceso a cota reducida das persoas que teñan contratos predoutorais. No caso de que non estea estudado pola Xunta propoñer a cuestión á asemblea.

Resposta Antonio : o que se está a debater agora é a contía da cota non as excepcións. A opción que ti expós é unhas moitas que se poden dar, pero para

facelo habería que estudalo pola Xunta de Goberno e facer unha proposta para modificar en Asemblea Xeral o regulamento de réxime interno. Imos a recoller a túa proposta e valorala. Insisto en que esta votación fai referencia a se decidimos conxelar a cota anual de 150 euros, logo cos descontos que cada unha tivera dereito á acollerse. En canto o falemos en Xunta de Goberno e tomemos unha decisión, comunicarémolo.

Julia Resposta: Esta cuestión entra dentro dunha das posibilidades que está no regulamento de réxime interno e as modificación do mesmo teñen que aprobarse pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta de Goberno. .

Miriam Resposta : Breogán valorarémolo e terémolo en conta en Xunta de Goberno

A colexiada 604: Gustaríame que se continúe a loitar para que a incorporación ao COTSG sexa obrigatoria para as persoas en activo. Noutras profesións a colexiación non se cuestiona. Estar colexiado ou colexiada como requisito necesario para poder exercer e emitir valoracións e informes Sociais. Os traballadores Sociais que non están colexiados son inimigos da nosa profesión.

Ana Vilar Resposta: No anteproxecto da lei de servizos sociais estatal, recollíase a proposta do Consello, que o profesional de referencia era un/ha traballador/a social acreditado ou colexiado, e nunha segunda volta quitaron ese recoñecemento.

Miriam resposta: Estar colexiado ou colexiada é obrigatorio legalmente, outro tema é que dende os colexios se comece a denunciar aos traballadores ou traballadoras sociais que exerzan pero que non se colexien.

A secretaria, Ana Rodríguez, da paso á votación e con 29 votos a favor son aprobadas.

7. Rogos e preguntas

Da comezo a quenda de rogos e preguntas.

O colexiado 3948 : En rogos e preguntas . Respecto ao convenio ao que nos referíamos antes, prégovos que se revise a paxina web do COTSG especialmente no portal de transparencia tanto o apartado de convenios como o de actas coma o de memorias está

baleiro é dicir non leva a ningunha publicación. Non sei se se deba a un erro informático ou cal sexa a situación

Miriam resposta : o convenio de investigación aínda non está asinado aínda.

Nerea resposta : Na antiga páxina web sí que estaban subidas as memorias , actas e convenios pero por mor do cambio de páxina web no portal de transparencia aínda non ai documentación subida actualmente coa nova normativa, pero estarán.

Miriam resposta: Cada convenio que se asina enviase de forma individual a toda a colexiación independentemente de que teña que estar colgado na páxina web.

A colexiada, 3241 ¿Quería saber como está a Quenda de violencia de xénero dado que non temos constancia da evolución deste instrumento?

Ana Rodríguez resposta: A quenda de garda agora mesmo está parada porque segue sen haber chamamentos. O convenio rematou este ano e temos que volver a reunirnos coa secretaría xeral de Igualdade. A proposta para este ano vai a ser que este traballo sexa asumido polos servizos públicos porque entendemos que organizalo externamente a administración non está funcionando. As/os traballadoras/es Sociais que non están no sistema teñen limitacións para realizar o seu traballo, e as forzas e corpos de seguridade que teñen que activar a quenda non o fan porque non entenden a utilidade do servizo. Isto a pesar de que se fixo moita pedagogía para explicarlles cal era a o cometido do Traballo Social en urxencias. No último curso que se impartiu ás traballadoras sociais da quenda, a docente dou un claro exemplo do que é unha traballadora social de atención en urxencias. No programa da nosa candidatura está a defensa dos servizos sociais públicos e de calidade e pensamos que é importante que a labor de acompañamento se faga dende un servizo público. A orixe da quenda foi principalmente para dar a coñecer a figura da traballadora social en atención de urxencia para que as forzas e corpos coñeceran esta figura profesional, para que a Secretaría Xeral de Igualdade tomara conciencia da necesidade do noso perfil na intervención, porque tamén está parella ao reclamación da presenza de traballadoras sociais nos CIM. Tras todos estes anos sen activación valoramos que non está a funcionar. Para renovalo imos a presentar unha proposta formativa para promover a figura profesional dentro do sistema público.

Resposta Miriam : Para completar a resposta de Ana, nós cremos que esta quenda de Garda que foi empregada de algunha maneira para crear un suposto recurso que quedou para a guía de atención á violencia de Xénero, con un orzamento a nivel estatal a través do Pacto de Estado. Non vimos que por parte da Xunta de Galiza e a Secretaría Xeral de Igualdade se esforzaran o máis mínimo para difundilo. Conta ademais con un orzamento moi amplo, o COTSG ingresa so a parte dedicada a formación, pero o resto da partida asignada a quenda non sabemos a que se dedica. Queremos evitar que nos utilicen, e se non se activou en tres anos e non nos parece normal seguir con este convenio.

Ana Rodríguez: Nos temos pensado convocar unha reunión coas profesionais que están de alta na quenda para transmitirles mais polo miúdo toda a información e as razóns que nos trouxeron ate aquí. Como pasou en anos anteriores convenio continua a prorrogarse automaticamente e segue en vigor.

Miriam resposta : De todas formas que a quenda en psicoloxía tampouco ten chamamentos

A colexiada 1562: Quería facer un par de preguntas respecto ao Modelo que presentou Ana Vilar, como se podería conseguir.

Ana Rodríguez : Agora mesmo é un documento do Consejo General pero temos pensado que o COTSG o edite. Esta por decidir aínda, pero seguramente se faga unha tradución ao galego e poñerase á venda por un prezo simbólico.

Ana Vilar: De todas formas Rosalía se entras na páxina web do Consejo General atoparás aí o PDF e pódese descargar

A colexiada 1562: Voltando ó tema do IMV o feito de que o traballador/a social teña que emitir o informe está recollido nalgunha normativa? E, en tal caso onde se pode acceder a ela?

Resposta Ana Vilar: Esta na páxina web do Ministerio de Inclusión, na parte de IMV, no Decreto lei que regula esta prestación..

Resposta Cristina : É certo que debería de articularse doutro modo, ao mellor os Concellos deberían de ter eses listados con tempo suficiente, é o que entendemos que os Concellos deberían de traballar na planificación deste traballo. Pero que nos

corresponde emitir eses documentos/informes mentres non cambie a normativa isto vai a seguir así.

Resposta Miriam: Se non hai algunha pregunta máis imos a dar por finalizada a Asemblea, Moitas Grazas a todas e a todos pola asistencia, sempre é de agradecer a participación.

Ana Rodríguez: antes de despedirnos, quería facer un chamamento a que entredes na Lareira Social dentro do espazo de Autocoidado para participar na formación. Ten un prezo económico xa que está subvencionado e as persoas que están facendo esta formación son punteiras dentro da súa área. Quero animarvos porque creo que se abriu un ámbito dentro da nosa profesión, e seguiremos a facer formacións deste tipo, animándovos a participar. Como votástedes ás actividades do ano 2023, quería animarvos a vir á Gala do día 31 de marzo, que será un gran día para todas/os e pasarémolo xenial.

Grazas a todos pola asistencia boa tarde a todas/os.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión asemblearia ás 19.38 horas.

Visto e praxe:

A Presidenta

A Secretaria

Asdo: Miriam Rodriguez Sierra

Asdo: Ana Rodríguez Rodríguez